



## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26 DE XULLO DE 2021**

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00035085E.**

#### **Aprobación de acta de sesión anterior.**

Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente de data 14 de xullo de 2021.

### **2. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2020/1975V.**

#### **Licenza de obra para construción de estación de servizo de gas licuado e comprimido na R/País Vasco, 63**

Acórdase CONCEDER a ESTACIÓN DE SERVICIO MANZANEDA SAU, licenza de obras para a construción da estación de servizo de subministro de gas natural licuado e comprimido na RUA DO PAÍS VASCO, 63, parcela Cec01h do polígono da Sionlla, segundo proxecto co visado número 202002414 de data 10/09/2020 e anexo con rexistro de entrada de 14/05/2021, cun orzamento de execución material de 785.923,43 euros.

As actuacións consistirán construción dunha estación de servizo para subministración de Gas Natural Licuado e Comprimido unha ocupación en planta de 224 m<sup>2</sup>, dos que corresponden 90 m<sup>2</sup> ao cubeto, 116 m<sup>2</sup> á beirarrúa perimetral, 12 m<sup>2</sup> as isletas de surtidores e 6 m<sup>2</sup> á sala de control, cunha altura máxima de 10,60 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 3 de edificación semiadosada. Variante 3C do Proxecto sectorial da Sionlla.

### **3. FISCALIZACIÓN. Referencia: MODIFICACIÓN DE SALDOS DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2020.**

#### **Modificación de saldos do orzamento de gastos do exercicio 2020.**

Acórdase rectificar á alza o saldo inicial de obrigacións recoñecidas de orzamentos pechados do exercicio 2020 na aplicación orzamentaria e pola contía de 23.087,50 euros, facendo efectivo o acordo de aprobación da indemnización a favor da empresa SCI pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 5 de outubro de 2020

O órgano competente para adoptar o acordo de recitificación á alza de obrigas de exercicios pechados, sería a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127.g) da LBRL, para os municipios do Título X, debendo darse conta ó Pleno na vindeira sesión que se celebre.

**4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00024113K.**

**Corrección erro acordo da Xunta de Goberno da sesión extraordinaria e urxente de data 12-xullo-2021, Núm. 7, relativo a adxudicación do contrato denominado Execución das obras do proxecto de acondicionamento de aparcadoiro na parcela RE-4 colindante coa Escola de Música e reurbanización da rúa Altiboia. Fase I - aparcadoiro.** Acórdase proceder á subsanación do erro advertido no acordo número 7 da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 12 de xullo de 2021 de xeito que:

**Onde dí:**

*“O gasto necesario para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 040 15321 61900 00 – 2020 4 RLTOU 62 3 “*

**Debe dicir:**

*“O gasto necesario para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 040 15321 61900002 – 2020 4 RLTOU 62 3 “*

**5. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/39/2020.**

**Corrección erro acordo da Xunta de Goberno da sesión ordinaria de data 3-maio-2021, núm.12, relativo a adxudicación do contrato denominado Execución das obras de acondicionamento do campo da festa do Castiñeiriño para usos polivalentes.**

Acórdase proceder á subsanación do erro advertido no acordo número 12 da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 3 de maio de 2021 de xeito que :

**Onde dí:**

*“O gasto necesario para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 040 15321 61900 00 – 2020 4 RLTOU 62 3 “*

**Debe dicir:**

*“O gasto necesario para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 040 15321 61900002 – 2020 4 RLTOU 62 3 “*

**6. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/283/2004.**

**Revisión do IPC da renta do alugamento dun local acondicionado no barrio de As Cancelas para utilización como espazo de xuntanza e actividades socioculturais.**

Acórdase proceder a revisión do IPC da renta do alugamento dun local acondicionado no barrio de As Cancelas para utilización como espazo de xuntanza e actividades socioculturais, segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre xuño de 2008 e xuño de 2021, que supón un incremento relativo do 14,4 %, quedando fixado o prezo do contrato dende o 16 de xullo de 2021 no importe mensual de 777,70 € IVE incluído.

O gasto de incremento por IPC para o ano 2021 IVE incluído (16/07/21 ata 31/12/2021) é de 541,66 € e irá con cargo ao orzamento municipal de arrendamentos nº -040 33403 2020000, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en ditos exercizos.

**7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033263V.**

**Aprobación do expediente denominado Execución do proxecto de adecuación, selado e clausura do vertedoiro de Aríns e a apertura do procedemento (CON/15/2021).**

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado **“Execución do proxecto de adecuación, selado e clausura do vertedoiro de Aríns”** e a apertura do procedemento de adxudicación baixo a modalidade **aberto simplificado**, establecéndose un tipo de licitación de **1.174.591,42 euros** (970.736,71 euros IVE aparte + IVE 21% que ascende a 203.854,71 euros).

Segundo: O gasto preciso para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 020 31100 6220000 - 2020 2 VERTE 5, tramitándose este expediente como anticipado de gasto e quedando condicionado á entrada en vigor do crédito extraordinario 2021-SUPLE-03.

**8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033907V.**

**Deixar deserta a licitación da revisión do Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS).**

Acórdase:

Primeiro: Deixar deserta a licitación da revisión do Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS), xa que ningunha das empresas acredita debidamente que as persoas propostas nas distintas ofertas como delegadas do Plan dirixiron ou coordinaron equipos técnicos que elaboraran un mínimo de dous PMUS en cidades de máis de 100.000 habitantes, requisito mínimo este de obrigado cumprimento de acordo co prego técnico de aplicación.

Segundo: Deixar sen efecto o financiamento comprometido para esta licitación con cargo á aplicación orzamentaria 030 15100 2270600 2017 3 EDUSI 4 1, de acordo co seguinte desagregamento por anualidades:

Anualidade 2020: 100.000 euros.

Anualidade 2021: 100.000 euros.

Terceiro: Restituír a garantía definitiva no seu día constituída pola empresa TEMA INGENIERÍA SL por importe de 6.115,70 euros como "*Garantía seguro de caución Revisión plan de mobilidade urbana. Programa EDUSI 2017-2025. Fondos FEDER. CON/5/2020*", así como a taxa pola formalización do contrato (264,51 euros) e os timbres municipais (61,16 euros), abonados en cumprimento do requirimento recollido na resolución da concelleira delegada de facenda e contratación de 5 de marzo de 2021.

**9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00021400E.**

**Devolución de fianza Xestión do servizo de comedores para os CEIP do Concello de Santiago de Compostela, período escolar Febreiro-2016 a Xuño-2016.**

Acórdase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa, SERUNION, SA.

por importe de 18.778,94 euros para responder do contrato de "Xestión do servizo de comedores para os CEIP do Concello de Santiago de Compostela, período escolar Febreiro-2016 a Xuño-2016" . CON/1/2016

**10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00027041M.**

**Devolución fianza Subministro mediante renting de un vehículo todoterreo para a policía local do Concello de Santiago de Compostela.**

Acórdase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa, PATRIMONIAL FERANPE SL, por importe de 2.666,40 euros para responder do contrato de "Subministro mediante renting de un vehículo todoterreo para a policía local do Concello de Santiago de Compostela" . CON/54/2015.

**11. EMPREGO. Referencia: 2021/00032216M.**

**Aprobación da solicitude de subvención á Consellería de Emprego e Igualdade, ao abeiro da orde do 12 de abril de 2021 para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de risga, para o exercicio do ano 2021.**

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria- ó abeiro da Orde do 12 de decembro de 2018- para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga, por importe de **275.419,84 €**, para os seguintes postos:

Obra/servizo	Ocupación	Formación	Período	Xornada Laboral	Nº Traballadores
Programa Municipal de contratación temporal de desempregados	Técnico/a administrativo/a	Titulación superior	9 meses	75 %	3
	Administrativo/a	FP 2 Grao/Bacharelato	9 meses	75%	9
	Aux. Administrativo/a	FP 1 /Grao/ESO/ Graduado Escolar	9 meses	75 %	5
	Atención público	FP 1 /Grao/ESO/ Graduado Escolar	9 meses	75%	1
	Oficial de obras	FP1 /Grao/ESO/ Graduado Escolar	9 meses	75%	2
<b>TOTAL TRABALLADORES/AS</b>					<b>20</b>

Segundo.- Aprobar a disposición de financiamento para facerse cargo dos custos, non financiados pola subvención solicitada, de impresión de carteis anunciadores do Programa de Contratación temporal, con cargo á partida orzamentaria 070-24100-22602 (nº Operación Previa 920210001391), por importe de 300,00 €.

Terceiro.- Aprobar a disposición de financiamento para facerse cargo dos custos, non financiados con cargo á subvención solicitada, de indemnización por cese de contrato que se materializarán, no caso de que os programas solicitados sexan subvencionados, na anualidade 2022, na aplicación orzamentaria 030 24100 13100 do capitula 1 dos Orzamentos do 2020, por importe de 6.900,04 €.

Cuarto.- Asimilar as contratacións que se deriven da obtención desta solicitude de subvención baixo o Acordo regulador – Convenio do persoal ao servizo do Concello de Santiago 2009 – 2012, (BOP de A Coruña nº 22, de 3 de febreiro de 2010).

**12. UNIDADE DE RÉXIME INTERIOR. Referencia: INFORME INTERVENCIÓN 738/2021. Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda facturación emitida por AUTOS IGLESIAS, S.L., en concepto de alugamento de oito vehículos monovolumen para a Policía Local correspondente ao mes de xuño de 2021.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación do gasto por importe de OITO MIL SEISCENTOS SESENTA E TRES EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS DE EURO (8.663,60 €), segundo relación contable de factura F/2021/3131 expedida por AUTOS IGLESIAS, S.L. en concepto de alugamento de oito vehículos monovolumen para a Policía Local correspondente ao mes de xuño de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**13. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2021/00028423F. Aprobación de bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbana do ámbito do casco histórico, ao abeiro do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.**

Acórdase a:

1. Aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbana desenvolvemento do acordo de data 29 de outubro de 2020 da comisión bilateral de seguimento dos convenios de colaboración subscritos entre a comunidade autónoma de Galicia e o ministerio de fomento para a execución do plan estatal de vivenda 2018- 2021.

2. Aprobación da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbana do ámbito do casco histórico do concello de Santiago de Compostela (fase 17: 30 actuacións) en desenvolvemento do acordo de data 29 de outubro de 2020 da comisión bilateral de seguimento dos convenios de colaboración subscritos entre a comunidade autónoma de Galicia e o ministerio de fomento para a execución do plan estatal de vivenda 2018-2021.

3. Aprobación do gasto correspondente á convocatoria recollida no punto anterior por un importe de **18.600,00 €**, con cargo á aplicación orzamentaria 050 33600 7800001/2021 de acordo ao proxecto de gasto con financiamento afectado: 2021/2/REHAB/17.

**14. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2021/00032079Y. Aprobación de bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a eehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbana do ámbito dos grupos de vivendas “COMPOSTELA E CARDEAL QUIROGA PALACIOS” DO BARRIO DE PONTEPEDRIÑA, ao abeiro do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.**

Acórdase a:

1. Aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbana do ámbito dos Grupos de vivendas “Compostela e cardeal Quiroga Palacios” do barrio de Pontepedriña do Concello de Santiago de Compostela en desenvolvemento do acordo de data 29 de outubro de 2020 da comisión bilateral de seguimento dos convenios de colaboración subscritos entre a comunidade autónoma de Galicia e o ministerio de fomento para a execución do plan estatal de vivenda 2018-2021.

2. Aprobación da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbana do ámbito dos Grupos de vivendas “Compostela e cardeal Quiroga Palacios” do barrio de Pontepedriña do Concello de Santiago de Compostela (fase 7: 12 actuacións) en desenvolvemento do acordo de data 29 de outubro de 2020 da comisión bilateral de seguimento dos convenios de colaboración subscritos entre a comunidade autónoma de Galicia e o ministerio de fomento para a execución do plan estatal de vivenda 2018-2021.

3. Aprobación do gasto correspondente á convocatoria recollida no punto anterior por un importe de 86.400,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 050 15220 7800001/2021 de acordo ao proxecto de gasto con financiamento afectado: 2021/2/PONTE/7.

**15. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2021/00032116C.**

**Aprobación de bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbana do ámbito do BARRIO DE VITE, ao abeiro do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.**

Acórdase a:

1. Aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbana do ámbito do barrio de Vite do Concello de Santiago de Compostela en desenvolvemento do acordo de data 29 de outubro de 2020 da comisión bilateral de seguimento dos convenios de colaboración subscritos entre a comunidade autónoma de Galicia e o ministerio de Fomento para a execución do plan estatal de vivenda 2018- 2021.

2. Aprobación da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbana do ámbito do barrio de Vite do Concello de

Santiago de Compostela (fase 3: 20 actuacións) en desenvolvemento do acordo de data 29 de outubro de 2020 da comisión bilateral de seguimento dos convenios de colaboración subscritos entre a comunidade autónoma de Galicia e o ministerio de fomento para a execución do plan estatal de vivenda 2018-2021.

3. Aprobación do gasto correspondente á convocatoria recollida no punto anterior por un importe de 108.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 050 15220 7800002/2021 de acordo ao proxecto de gasto con financiamento afectado: 2021/2/AVITE/3.

**16. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00021125T.**

**Aprobación do texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade ASOCIACIÓN GALEGA PARA AXUDA DOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER (AGADEA) pola contía de 3.000 euros e a retención de crédito polo importe anterior.**

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade ASOCIACIÓN GALEGA PARA AXUDA DOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER (AGADEA), por unha contía de **3.000,00 €**. Segundo.- Aprobar a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800009, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigos 31,32, 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

**17. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00032191A.**

**Aprobación do Convenio entre o Concello de Santiago e a Fundación Torrente Ballester. Anualidade 2021.**

Acórdase que se proceda á aprobación do texto do convenio e a transferencia corrente á Fundación Gonzalo Torrente Ballester, por importe de **10.000 €**, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890201.

**18. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00020038V.**

**Aprobación da concesión da transferencia corrente ao Museo do Pobo Galego 2021.**

Acórdase dar conta da sinatura do convenio co Museo do Pobo Galego, e proceder a efectuar a transferencia correspondente ao 2021, polo importe total previsto de **30.000 €**, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33300 4890200.

**19. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00023541R.**

**Dar conta da sinatura do convenio e aprobación da concesión da transferencia corrente á Fundación Rosalía de Castro 2021.**

Acórdase dar conta da sinatura do convenio co Fundación Rosalía de Castro, e proceder a efectuar a transferencia correspondente ao 2021, polo importe total previsto de **5.000 €**, con imputación á aplicación orzamentaria 050/33400/4890201.

**20. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00026164W.**

**Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA e a ASOCIACIÓN DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL E DE TEMPO LIBRE CIRCONOVE 2021.**

Acórdase dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a asociación de animación sociocultural e tempo libre Circonove, que non implica gasto para as arcas municipais.



**21. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00034387Z.**

**Persoamento en Proceso Ordinario 7296/2021 TSX interposto por particulares.**

Acórdase o persoamento do Concello de Santiago de Compostela no PO 7296/2021 tramitado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para a defensa dos intereses municipais.

Con data do 28.06.2021 a Secretaria do Xurado de Expropiación de Galicia emite oficio de emprazamento para este Concello no PO 7296/2021 da Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso interposto por particulares, contra o Acordo do citado Xurado que ten por obxecto a expropiación municipal das fincas nº 9, 11, 13 e 15 para a obra "01925 – Fase I do proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela", expediente 20200000848.

**22. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00035085E.**

**Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.**

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 16 a 22 de xullo de 2021.

**URXENCIAS**

**23. Aprobación da actualización das normas de uso dos locais municipais para a mocidade e do Centro Xove de Creación Cultural.**

Apróbanse as bases, que teñen como obxecto complementar as condicións existentes de uso das instalacións e do material dos *Locais Municipais de Música para a Xuventude de Compostela*, polo seu traslado ao Centro Xove de Creación Cultural.

O Departamento de Xuventude do Concello de Santiago de Compostela pon a disposición dos grupos musicais da cidade un equipamento municipal situado no Centro Xove de Creación Cultural, na Rúa Proxecto Vagalume, 2 co obxectivo de:

- Fomentar a práctica musical dos mozos e mozas de Compostela dotándoos dos recursos profesionais e técnicos necesarios.
- Contribuír a unha maior formación musical e técnica dos grupos que fan uso deste equipamento, mediante o deseño de accións formativas relacionadas con esta disciplina.
- Crear unha plataforma de encontro da mocidade para o intercambio de experiencias musicais, formativas e de lecer.
- Organizar eventos que sirvan para fortalecer entre a xuventude a conciencia de seu, e difundir entre a cidadanía os aspectos positivos da cultura musical da xente moza.
- Promover un ocio xuvenil máis creativo e menos consumista, ampliando a oferta de actividades e facilitando a súa accesibilidade para o sector xuvenil.

Os locais, están distribuídos en tres salas equipadas con distinto material. Ademais está preparados como estudo de gravación, con mesa, ordenador e software propio.

O horario de uso dos locais axustarase ás franxas horarias que a continuación se detallan:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO
<b>MAÑÁ</b>	10,00-12,00 h.	10,00-12,00 h.	10,00-12,00 h.	10,00-12,00 h.	10,00-12,00 h.	10,00-12,00 h.
	12,00-14,00 h.	12,00-14,00 h.	12,00-14,00 h.	12,00-14,00 h.	12,00-14,00 h.	12,00-14,00 h.
<b>TARDE</b>	16:00-18:00 h.	16:00-18:00 h.	16:00-18:00 h.	16:00-18:00 h.	16:00-18:00 h.	GRAVACIÓN
	18:00-20:00 h.	18:00-20:00 h.	18:00-20:00 h.	18:00-20:00 h.	18:00-20:00 h.	GRAVACIÓN
	20:00-22:00 h.	20:00-22:00 h.	20:00-22:00 h.	20:00-22:00 h.	20:00-22:00 h.	GRAVACIÓN

Os grupos poderán usar os locais en máis dunha franxa horaria semanal sempre e cando haxa dispoñibilidade e logo de que a persoa representante o solicite ao equipo do Centro Xove de Creación Cultural polas canles previstas. Esta ampliación horaria non terá carácter permanente e estará suxeita a revisión en caso de que outros grupos musicais o solicitaren, ou no caso de

que o propio espazo precise as instalacións por motivos de organización ou actividades propias.

Os grupos tamén poderán solicitar o uso durante períodos de menor duración que os indicados, cun mínimo de 30 minutos.

Poderán presentar solicitudes para o uso dos locais, aqueles mozos e mozas que en representación dun grupo musical, con membros empadroados no Concello de Santiago de Compostela, precisen dun local para realizar os seus ensaios.

As solicitudes presentaranse en instancia formalizada a recoller no Departamento de Xuventude ou na sede electrónica do Concello, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela, na Rúa Presidente Salvador Allende, 4 ou a través da sede electrónica do concello (sede.santiagodecompostela.gal).

A solicitude deberá ir acompañada da fotocopia do DNI de todos os membros do grupo.

#### **24. Prórroga do contrato baseado no acordó marco da central de contratación da FEMP para a mediación de riscos e seguros subscrito con Willis Iberia Correduría de Seguros y Reaseguros, SA.**

Acórdase prorrogar, coas características e condicións iniciais pactadas, o contrato baseado no Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a mediación de riscos e seguros subscrito por este concello con WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, SA.

A duración do acordo de prórroga do contrato baseado será dun ano que se contará desde o 27/07/2021.

#### **25. Solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da modificación do Plan parcial do SUP-1 (Romero Donallo) no ámbito dos quinteiros 1 e 2.**

Acórdase:

Primeiro. Remitir á secretaría xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a Solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da *Modificación do plan parcial do SUP-1 (Romero Donallo) no ámbito dos quinteiros 1 e 2*, promovida por SANTIAGO SUR GALICIA S.L., xunto co Documento ambiental estratéxico (DAE) e co Borrador do plan, todo elo segundo a documentación presentada no Rexistro Xeral do Concello o 21 de xullo de 2021.

Segundo. Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites esixidos pola lexislación aplicable na materia (75.3 da LSG, 186.3 do seu Regulamento de desenvolvemento e 30 e seguintes da LAA).

A adopción do presente acordo non prexulga nin vincula o que, de ser o caso, proceda adoptar no seu momento sobre a aprobación inicial da Modificación do plan parcial.

No ámbito do quinteiro 6 aprobouse o 23 de decembro de 2008 un Estudo de detalle que axusta as aliñacións definidas no plan parcial.

De seguido resúmense as principais determinacións das ordenanzas particulares do plan parcial vixente aplicables aos quinteiros 1 e 2:

##### **Quinteiro 1**

*Edificabilidade total (sobre rasante): 1838,90 m<sup>2</sup>c.*

*Ocupación máxima:*

*Sobre rasante: 371,10*

*Baixo rasante: 2240*

*Usos:*

*En plantas altas: Residencial e compatibles (oficinas, sanitario, asistencial e hoteleiro), 1.638,90 m<sup>2</sup>c*

*En planta baixa: uso exclusivo restaurante-cafetería (200 m<sup>2</sup>c)*

##### **Quinteiro 2**

*Edificabilidade total (sobre rasante): 10.727,02 m<sup>2</sup>c*



Ocupación máxima:

Sobre rasante: 1.717,95

Bajo rasante: 1.980

Usos:

En plantas altas: Residencial<sub>1</sub> e compatibles (oficinas, sanitario, asistencial e hoteleiro), 9.386,54 m<sup>2</sup>c

En planta baixa: comercial, almacéns, oficinas, industrial en categoría 1<sup>a</sup>, hoteleiro, sanitario, asistencial, docente, relixioso, sociocultural, deportivo, recreativo, servizos urbanos e administración pública

A Modificación proposta trae causa dos Estudos de detalle presentados por SANTIAGO SUR en decembro de 2020, nos que se propón reordenar o volumen edificable total permitido polo plan parcial vixente no ámbito conxunto dos quinteiros 1 e 2.

Esta reordenación esixe tramitar unha Modificación puntual da normativa aplicable do plan parcial, coas seguintes finalidades:

1<sup>a</sup> Eliminar a obrigatoriedade de proxecto conxunto nos quinteiros 1 e 6, así como as determinacións máis específicas de deseño e composición dos edificios proxectados neses quinteiros.

Con esta finalidade propónse a supresión dos apartados 5 (Condicións de proxecto) e 6 (Obxectivos de deseño urbano) da ordenanza 5.1 (quinteiro 1)

2<sup>a</sup> Facilitar a ordenación conxunta dos quinteiros 1 e 2, permitindo aos estudos de detalle redistribuír a suma das superficies edificables e de ocupación permitidas polo plan parcial no conxunto dos dous quinteiros afectados.

Con esta finalidade engádese un novo parágrafo ao final das ordenanzas dos quinteiros 1 e 2, que regula a posibilidade de aprobar un estudo de detalle que redistribúa o volume edificable permitido polo plan parcial no conxunto dos dous quinteiros.

3<sup>a</sup> Homoxeneizar a regulación dos usos autorizables nas dúas mazás (1 e 2)

A tal fin remítese a regulación dos usos autorizables no quinteiro 1 á que establece o plan vixente para o quinteiro 2, debendo estarse en todo caso á regulación xeral de usos que resulte do Plan xeral.

A modificación ou reforma do planeamento urbanístico aprobado e en vigor constitúe unha manifestación do *ius variandi* da administración, cuxo exercicio ten carácter discrecional, debendo xustificarse en razóns de oportunidade ou conveniencia para o interese público (artigo 83.1 da LSG).

Coa Modificación proposta elimínase a excesiva rixidez do plan parcial vixente en canto á concreta solución arquitectónica dos edificios previstos, e remítese a súa definición máis detallada a un estudo de detalle conxunto das mazás 1 e 2, que poderá redistribuír o volume edificable, sen que isto supoña en ningún caso incrementar a superficie edificable nin a ocupación máxima permitida polo plan vixente no conxunto de ambos os dous quinteiros afectados.

Por providencia da concelleira delegada de Urbanismo resolveuse impulsar a tramitación da Modificación proposta por SANTIAGO SUR GALICIA S.L, coa *emisión dos informes que resulten preceptivos e a través do procedemento legal e regulamentariamente establecido*.

A modificación proposta afecta principalmente aos quinteiros 1 e 2 do Plan parcial do SUP-1.

## **26. Adxudicación do contrato de “Subministración e instalación de sistemas de seguridade, comunicacións e modernización do Centro de Control do Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela”.**

Acórdase:

-Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa NORTCONSULTING SOLUCIONES SL, por un importe de **363.608,59 euros** (300.502,97 euros + IVE aparte 21%: 63.105,62 euros), sendo a súa oferta a única admitida cumprindo os requirimentos dos pregos de aplicación.

-Aprobar e dispoñer o gasto necesario para o financiamento deste contrato que se imputará á aplicación orzamentaria 060 13600 6230000.

**27. Convalidación omisión función interventora e recoñecemento da débeda das facturas emitidas por T-Systems ITC Iberia SAU, en concepto de mantemento das aplicación TAO correspondente ao período comprendido entre o 26 e novembro de 2020 e o 30 de xuño de 2021.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de vinte e dous mil catrocentos noventa e un euro con un céntimo (22.491,01 €), segundo facturas 2021/1233; 2021/1332; 2021/1905; 2021/2483; 2021/2404; 2021/3089 que figura no expediente, en concepto de mantemento das aplicación TAO, correspondente ao período comprendido entre o 26 de novembro de 2020 e o 30 de xuño de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**28. Aprobación do proxecto de “Acondicionamento de oficinas para a concellería de Medio Rural e o Servizo de Parques e Xardíns.**

Apróbase o proxecto básico de execución denominado “*Acondicionamento de oficinas para a Concellería de Medio Rural e o Servizo de Parques e Xardíns e implantación de novas instalación para a Brigada de Parques e Xardíns no recinto feiral de Amio*”.

Dacordo coa información do proxecto básico e de execución os parámetros de licitación son os seguintes:

-Orzamento das obras: 299.977,79 € + 62.995,34 € de IVE (21%) = **362.973,13 €**.

-Prazo de execución: 4 meses.

O proxecto básico e de execución ten por obxecto a implantación da concellería de Medio Rural e do Servizo de Parques e Xardíns nos terreos e edificación existentes no recinto feiral de Amio. No seu apartado 1 “Memoria descritiva” sinalase o seguinte:

- As obras de acondicionamento afectan á planta baixa dun dos edificios existentes na parcela e ten por obxecto adaptar as instalación existentes para o seu destino a oficinas da Concellería de Medio Rural e do Servizo de Parques e Xardíns.

- Na área existente tras ese edificio, situaranse as novas instalacións destinadas a albergar o edificio destinado a talleres e almacéns para o Servizo de Parques e Xardíns.

- Asímesmo, procederase a reformar parte de una edificación existente na que se atopan as polbeiras, para o seu destino a almacén.

A actuación proxectada, desenvolverase na parcela coa referencia catastral 002502300NH35B0001LW de 155.602 m<sup>2</sup> e superficie construída 118.984 m<sup>2</sup> en data 2006.

O solo indicado atópase en solo clasificado urbano e categoría consolidado, no ámbito do Plan Especial do SU-4 cualificado como sistema xeral de equipamento comunitario de servizos urbanos.